

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

1. SERVIZO OU DEPARTAMENTO QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN E A QUE VAI DIRIXIDA A PRESTACIÓN EN QUE SE CONCRETA O CONTRATO.-

Recadación e Sección de Facenda e Patrimonio

2. PRESTACIÓN CUXA CONTRATACIÓN SE PROPÓN (OBXECTO DO CONTRATO).-

Servizo de tratamento, impresión, encartado e ensobrado de cartas e notificacións xeradas na xestión e recadación dos tributos polo Concello de Ferrol, así como a súa posterior entrega ao operador postal

3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, E XUSTIFICACION DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINS INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (Competencia Municipal).-

O artigo 106.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece que é competencia das Entidades Locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras entidades locais, coas Comunidades Autónomas ou co Estado, de acordo co que estableza a lexislación do Estado.

Para levar a cabo a xestión e recadación dos tributos é necesario notificar aos obrigados ao pago as liquidacións tributarias, remitir os documentos de ingreso dos recibos, notificar actos de procedementos de xestión tributaria e recadatoria, etc. Dado que a prestación deste servizo esixe dispor de maquinaria específica así como de recursos humanos suficientes e non dispendo o Concello de Ferrol dos estes medios para levar a cabo este servizo, faise necesario licitar un novo procedemento para a súa contratación cunha empresa externa suficientemente especializada e cualificada que posibilite prestar o servizo coa maior eficacia posible.

4. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DOS MOTIVOS VÁLIDOS PARA A NON DIVISIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO EN LOTES, de acordo con o establecido no artigo 99.3 LCSP.-

Con respecto á división do contrato en lotes considérase que non é posible realizar de forma independente cada unha ou algunha das partes do contrato, posto que os pasos forman parte dun proceso completo e dificultaría a correcta execución do contrato desde un punto de vista técnico, ademais da dificultade que implicaría coordinar a execución das distintas prestacións por diferentes contratistas.

5. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTO, cando sexa distinto do procedemento aberto ou restrinxido E/Ou XUSTIFICACIÓN DAS RAZÓNS QUE HABILITAN A TRAMITACIÓN URGENTE Ou ANTICIPADA DO EXPEDIENTE, de acordo con o establecido no artigo 119 LCSP e DÁ 3ª.2, respectivamente.-

Artigo 159 da Lei de Contratos do Sector Público

Ferrol na data da sinatura dixital